



Aliad
Ultreia

MEMORIA 2020



ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| A NOSA HISTORIA | 4 |
| MISIÓN | 5 |
| VISIÓN..... | 5 |
| VALORES | 6 |
| EQUIPA | 7 |
| ONDE ESTAMOS | 8 |
| NÓS EN 2020 | 8 |
| TRABALLO EN REDE | 10 |
| PERTENZA A REDES..... | 10 |
| ENTIDADES COLABORADORAS..... | 10 |
| ENTIDADES FINANCIADORAS | 11 |
| PROGRAMA SENLLEIRAS | 14 |
| PROGRAMA DONAS. PROGRAMA ATENCIÓN INTEGRAL VÍTIMAS TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL..... | 15 |
| PROGRAMA TECENDO FUTURO | 16 |
| CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO..... | 18 |
| CONVENIO AXUDAS DE EMERXENCIA POLA COVID-19..... | 19 |
| ACCIÓNS FORMATIVAS..... | 20 |
| ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS E EX-RECLUSAS..... | 21 |

| | |
|--|-----------|
| PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XAI | 22 |
| PROGRAMA PASO A PASO..... | 23 |
| PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE..... | 24 |
| PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN | 25 |
| ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS..... | 28 |
| PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL..... | 29 |
| SENSIBILIZACIÓN | 30 |
| E INCIDENCIA SOCIAL | 30 |
| ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN | 31 |
| FORMACIÓN..... | 37 |
| OBRADOIROS EN CENTROS EDUCATIVOS | 38 |
| PLATAFORMA WEB IGUALDADE..... | 38 |
| FORMAR PARA TRANSFORMAR | 40 |
| CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN | 41 |
| INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO..... | 44 |
| OUTRAS ACTIVIDADES | 47 |
| PÁXINA WEB | 47 |
| DOAZÓNS..... | 48 |
| CUOTA PERSOAS SOCIAS..... | 49 |
| AS CONTAS CLARAS..... | 50 |
| INGRESOS E GASTOS NO ANO 2020 | 51 |



A NOSA HISTORIA

Aliad Ultreia ten as súas orixes na asociación ALIAD (**Asociación Luguesa de Información e Axuda ao Drogodependente**), fundada en **1984** na cidade de Lugo e posta en marcha por profesionais de diferentes ámbitos (medicina, psicoloxía, profesorado...) coa intención de informar á sociedade da gravidade do problema das **drogodependencias** e atender o conxunto de necesidades que este xera. Nun principio, o seu ámbito de actuación era a prevención e tratamiento de drogodependentes, pero ALIAD pronto se especializaría na area de incorporación social.

A actividade de ALIAD esténdese ao pouco tempo ao interior dos centros penais da provincia de Lugo para abordar problemáticas derivadas do **consumo de drogas** e a estadía na **prisión**. Este programa desenvólvese na actualidade dentro e fóra dos centros penais cun enfoque máis amplio e unha atención máis integral.

En **2006**, a Xunta de Galicia declarou a Aliad **entidade de interese Galego en materia de drogodependencias** (Orde do 19 de setembro de 2006, publicada no DOGA do 6 de outubro de 2006).

No ano **2010**, a asociación modifica o seu nome para pasar a denominarse Aliad Ultreia, debido á ampliación do seu ámbito de actuación debido á identificación de novas realidades sociais que era preciso abordar como son as **violencias de xénero**, incluída a **trata e explotación sexual**.

En **2014**, Aliad Ultreia obtén a **declaración de utilidade pública** acolléndose a lei 49/2002.



MISIÓN

Aliad Ultreia somos unha asociación de Lugo que traballa na mellora das condicións de vida de persoas con problemas de adicccións, persoas reclusas e ex-reclusas e mulleres vítimas das diferentes formas de **violencia de xénero** -entre elas a **prostitución**- e as súas fillas e fillos.

Dende unha abordaxe interdisciplinar, traballamos tanto no acompañamento integral á persoa como na transformación de contextos e na promoción do cambio social.

VISIÓN

Queremos que a nosa forma de traballo fale por nós, e ser un referente na atención a estes colectivos dende un enfoque de acompañamiento sensible á individualidade da persoa, baseado na confianza, no coidado e no respecto aos seus tempos e proxecto de vida.

Ademais, buscamos que nos caracterice a nosa **mirada crítica**, ser unha asociación dinámica en aprendizaxe permanente, quen de xerar enfoques e propostas **transformadoras**, esixente con nós mesmas e coa labor das administracións públicas.

Para elo, proxectámonos como unha entidade honesta, coherente cos principios que defende, que coida da súa equipa profesional, das persoas socias e do voluntariado, enfatizando a nosa dimensión asociativa.

Queremos ser un espazo de **participación cidadá**, de **educación**, **sensibilización social** e **traballo en rede**, todo elo coa mirada posta no horizonte social que nos move: unha **sociedade xusta e igualitaria**, garante de dereitos e centrada no **coidado da vida**.



VALORES





EQUIPA

Aliad Ultreia ten como órgano de goberno a Asemblea Xeral que está integrada por todas as persoas socias.


A xestión e representación da entidade recae na Xunta Directiva, cuxos membros no 2020 foron:

Presidente: Manuel Varela Veiga.

Tesoureira: María Gloria Pernas Teijeiro.

Vicepresidenta: Ana Luísa Posada Luaces .

Secretaria: Rosa Marina Zas Castro.



A entidade conta cunha equipa profesional cualificada e con ampla experiencia nos diferentes ámbitos de traballo. Contamos con **9 persoas** (8 mulleres e 1 home) contratadas a tempo completo e dúas máis, unha psicóloga e un avogado, por conta allea.



ONDE ESTAMOS



Aliad Ultreia dispón de instalacións propias situadas na rúa Milagrosa nº 99-101, na cidade de Lugo.

Aquí atópanse as oficinas, despachos, sala de xuntas, aula de formación e informática así como un apartamento totalmente equipado para o desfrute de permisos penais.


Tamén podes atoparnos en redes



NÓS EN 2020



**833 PERSOAS
EN ATENCIÓN
DIRECTA
(563 MULLERES E
270 HOMES)**



**543
PARTICIPANTES
ACTIVIDADES
FORMATIVAS**



**69 PERSOAS
SOCIAS**




**32 PERSOAS
VOLUNTARIAS**



**19
PROGRAMAS E
PROXECTOS
REALIZADOS**



**383.949,19
EUROS DE
INGRESOS**



Drogodependencias

Programa xurídico social
Asesoramento legal e coordinación cos diferentes axentes implicados.

Medidas alternativas
Traballos en beneficio da comunidade.

Preparación á liberdade
Obradoiros grupais (C.P. Monterroso)

Paso a paso
Itinerarios de inserción e obradoiros de preparación para a liberdade.
(C.P. Bonxe e Monterroso)

Preparados, listos, xa!
Apartamento para a disfrute de permisos de saída e para preparar a vida en libertade.
(C.P. Bonxe e Monterroso)

Plan de Animación Sociocultural
Coordinación, participación e apertura do centro á comunidade.
(C.P. Monterroso)

Programa Donas
Atención individualizada a mulleres víctimas de trata e/ou explotación sexual.

Muller en vulnerabilidade
Atención integral a mulleres víctimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular

Tecendo futuro
Itinerarios e obradoiros formativos orientados á inserción social e laboral de mulleres en situación de vulnerabilidade.

Incidencia social e voluntariado

Promoción da participación social na mellora das condicións de vida das persoas coas que traballamos, na promoción de contextos de vida inclusivos e na transformación da realidade social a través do voluntariado.

Traballo en rede con colectivos e entidades afíns, en accións de mobilización social e defensa de dereitos.

Formación e sensibilización social

Accións de formación en centros educativos de secundaria, concellos, etc., en temática de xénero e prostitución; así como en universidades e outros espazos de reflexión académica e profesional, achegando a realidade dos nosos colectivos e a nosa óptica e metodoloxía de traballo.

Campañas de sensibilización a través de redes sociais e elaboración de materiais (dípticos, cartaces, prensa, etc.)

Soporte xeral da entidade

- Formulación de proxectos, seguimento e xustificación dos mesmos. Busca de financiamento. Xestión de persoal.
- Difusión dos programas e iniciativas da entidade a través de redes sociais e medios de comunicación.
- Fortalecemento das redes de coordinación e comunicación coas Administracións públicas e outros axentes sociais (terceiro sector, empresas, etc.)



TRABALLO EN REDE

PERTENZA A REDES



Rede TIL
Técnicas/os de Inserción Laboral
RELUVOL
Rede Lucense de Voluntariado

ENTIDADES COLABORADORAS



CONCELLO DE
MONTERROSO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



ENTIDADES FINANCIADORAS



gàlicia

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade



Unión Europea

FUNDACION
mariafranciscade
ROVIRALTA

Fundación Barrié

DEPUTACIÓN DE LUGO



Obra Social "la Caixa"

CaixaBank


Rede de Investigación
en Educación e Formación
para a **Cidadanía** e a
Sociedade do Coñecemento

ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS


"EL DUENDE"

ALIADAS



Dentro desta área ofrécese atención a **mulleres vítimas de violencia de xénero** nas súas múltiples manifestacións (física, psicolóxica, sexual, económica e social) dando unha **resposta integral**.

Dentro do programa cóntase con dúas liñas dirixidas a:

- ◆ **Mulleres en situacións de vulnerabilidade:** atención a mulleres víctimas de violencia de xénero e/ou mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular.
Aliad ofrece un recurso integral de apoio e acompañamento a mulleres ao longo de itinerarios individualizados e flexibles atendendo as necesidades básicas, atención social, psicolóxica, sanitaria, orientación laboral e asesoramiento xurídico.
- ◆ **Mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual,** trabállase nos espazos de exercicio da prostitución e dando atención e cobertura integral ás mulleres, ofrecendo aloxamento e atención especializada de carácter xurídico, social, psicolóxico, sociosanitario e de orientación laboral.

PROGRAMA SENLLEIRAS

Atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou mulleres migrantes en situación administrativa irregular.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamento social, psicolóxico, xurídico, sanitario e laboral.

A finalidade do programa é fortalecer nas mulleres as súas ferramentas persoais, psicolóxicas, laborais e educativas que axuden a superar a súa situación de vulnerabilidade e crear un espazo de participación na procura da igualdade en diferentes eidos da vida.



**142 MULLERES
ATENDIDAS 78 CON
ITINERARIO**



**785 ATENCIÓNS
SOCIAIS E
ACOMPAÑAMENTOS**




**ATENCIÓN PSICOLÓXICA A
17 MULLERES CON 134
ATENCIÓNS INDIVIDUAIS**



**ORIENTACIÓN LABORAL
A 30 MULLERES CON 289
INTERVENCIÓNIS
18 MULLERES ATOPARON
EMPREGO**



**ASESORAMENTO
XURÍDICO A 101
MULLERES EN
329 ATENCIÓNS
INDIVIDUAIS**



**MEDIACIÓN SOCIAL
CON 21 MULLERES
EN 68
INTERVENCIÓNIS**



**5 TALLERES
GRUPAIS**

Programa finanziado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DONAS. PROGRAMA ATENCIÓN INTEGRAL VÍTIMAS TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL.

Desde o ano 2010 vénse traballando para abordar unha das formas máis invisibilizadas de violencia de xénero: **a trata e/ou explotación sexual**, centrando a acción na defensa dos dereitos das mulleres vítimas desta violencia machista e a sensibilización á sociedade.

O ano 2020 coa pandemia do COVID 19 está situación de vulnerabilidade incrementouse, aumentando as súas demandas sociais para cubrir as súas necesidades básicas así como de apoio de acompañamento que seguiu realizándose tanto vía telefónica como presencialmente naqueles casos que o requiriran.

Traballamos a través de **itinerarios integrais** con atención e acompañamiento social, psicolóxico, xurídico, sanitario e laboral, ofrecendo os servizos detallados dentro do Programa Donas.



**ATENDEMOS A
159 MULLERES
EN SITUACIÓN
EXPLORACIÓN
SEXUAL**



**110
MULLERES
CON ITINERARIO**



**REALIZAMOS MÁIS DE
1481
ACTUACIONES
SOCIAIS**



**REALIZAMOS 264
ASISTENCIAS
XURÍDICAS CON
73 MULLERES**



**135 ATENCIÓNS
PSICOLÓXICA CON
15 MULLERES**



**535 ACTUACIONES DE
ORIENTACIÓN
LABORAL CON 73
MULLERES**

Programa finanziado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

PROGRAMA TECENDO FUTURO

Visitas a lugares de exercizo da prostitución



**CONTACTAMOS
CON 263
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**

Este proxecto realiza actuacións nos lugares onde se exerce a prostitución (clubs, pisos por toda a provincia e barrio da Tinería en Lugo), buscando establecer contacto coas **mulleres en situación de prostitución** e crear un vínculo de confianza con elas para que, en caso de necesidade de información ou atención, acudan á asociación.

Nas visitas realizanse **obradoiros** sobre **recursos sociais de Lugo e infeccións de transmisión sexual**.

Os **servizos** que se lles ofrecen son: **asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación laboral, formación, atención social e sanitaria**, a parte de **información doutros recursos sociais** más axeitados á súa demanda.



**VISITA A 15
CLUBES NA
PROVINCIA LUGO**

Durante o 2020, debido as restricións e o estado de alarma os clubes e a prostitución na rúa en varios momentos estiveron pechados ou prohibido, pero mantívose o contacto coas mulleres a través da atención presencial e telefónico onde se lles deu información e propiciouse o acceso aos seus dereitos sociais para acceder a recursos.

Programa financiado pola Deputación de Lugo

Talleres sanitarios e información sobre VIH para mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual e mulleres que exercen a prostitución

Realizáronse durante o ano 2020:

- **Talleres sanitarios**, sobre o VIH, ITS e o papiloma humano, dentro dos clubs, pisos e no barrio da Tinería onde se atopan as mulleres en prostitución. Durante varios períodos do ano non se puideron fazer visitas, sobre todo aos clubs que estiveron pechados, por mor da pandemia e as restricións establecidas.
- Reparto de preservativos e de folletos informativos, tanto no local de Aliad Ultreia como durante as visitas.
- **Proba rápida do VIH**. Somos un centro colaborador coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública (DXIXSP) e contamos no noso local coa infraestrutura e as profesionais axeitadas para a realización da proba rápida reactiva e para dar un consello asistido pre e post-proba. Este ano dende marzo a setembro non se realizaron probas rápidas, cumprindo coas directrices marcadas pola Consellería de Sanidade.
- **Atención Social e mediación sociosanitaria** para a realización de probas de ITS e probas xinecológicas.
- **Acompañamiento sanitario e recollida de medicación** en casos de VIH



14

**ACOMPAÑAMIENTOS
SANITARIOS**



**PARTICIPACIÓN DE
242 MULLERES EN
SITUACIÓN
PROSTITUCIÓN**



**11 PROBAS
RÁPIDAS DO
VIH**

CASA DE ACOLLIDA MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL OU QUE SE ATOPEN EN RISCO DE SELO.



**CASA DE
ACOLLIDA
MULLERES
VÍTIMAS
EXPLOTACIÓN
SEXUAL**



**5 PRAZAS
INCLUINDO
FILLAS/OS**

Contamos cunha vivenda dirixida a **mulleres e as súas crianzas** que, tras abandonar a **situación de prostitución e/ou explotación sexual**, precisan dun período de restablecemento e re-deseño do seu proxecto persoal e da súa posta en marcha.

Préstase especial atención ás mulleres inmigrantes, principais vítimas destes delitos, cunha situación de maior vulnerabilidade debido á falta de redes sociais e descoñecemento dos servizos e contexto, ao ser o sustento económico da súa familia en orixe, a súa situación administrativa irregular...

Durante o ano 2020 residiron na casa 6 mulleres e 2 menores, fillas das usuarias.

Vivenda financiada pola Secretaria Xeral de Igualdade

CONVENIO AXUDAS DE EMERXENCIA POLA COVID-19

A finalidade destas axudas económicas de emerxencia foi dar apoio de emerxencia ás vítimas de trata e/ou explotación sexual, para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación, hixiénico-sanitarias, de transporte e telecomunicación, nos casos de urgente desamparo.

Este convenio buscaba dar resposta á situación de extrema vulnerabilidade que sufriron as mulleres vítimas de explotación sexual debido a pandemia do COVID-19, o estado de alarma e restricións establecidas.

Atendeuse a mulleres en situación de prostitución e/ou explotación sexual que actualmente non estivesen cobrando ningunha axuda e/ou estiveran en situación administrativa irregular.

Mais aló desta finalidade urgente de cubrir as súas necesidades básicas, buscouse dar unha atención más completa buscando mellorar a súa situación cunha atención integral, axudándoas a acceder aos seus dereitos sociais.

Realizáronse:

- ◆ Entrevista de recollida de datos e valoración da súa situación social.
- ◆ Coordinación coas traballadoras sociais para tramitar e solicitar axudas, evitando duplicar e creando sinerxías na atención.
- ◆ Entrega de axudas económicas de emerxencia.
- ◆ Seguimento telefónico da súa situación de emerxencia.



**ATENCIÓN A 44
MULLERES EN
PROSTITUCIÓN**



**64 AXUDAS DE
EMERXENCIA**

Convenio financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

ACCIÓNES FORMATIVAS

O traballo individualizado coas persoas compleméntase con accións de traballo grupal, de carácter formativo, de participación e de creación de vínculos sociais.

Neste eido, realizaose o **curso Tecendo futuro** traballando aspectos como o coñecemento persoal, a cohesión grupal, as habilidades sociais, sexualidade, a autoestima e a orientación laboral de cara a mellorar as súas ferramentas para a incorporación social.


**CURSO DE
PERCUSIÓN
PARTICIPARON 6
MULLERES**

Ademais este ano 2020, desenvolveuse un taller de percusión e danza dinamizado por “Trópico de Grelos”, durante os meses de novembro e decembro, que ademais fortalecer o grupo, permitiu xerar un espazo lúdico e de fortalecemento da autoestima.


**CURSO “TECENDO
FUTURO”
PARTICIPARON 8
MULLERES**



Financiado pola Deputación de Lugo

A photograph of a railway track receding into a sunset sky. The track is made of brown metal rails and wooden sleepers, resting on a bed of grey gravel. The sky is a vibrant blue at the top, filled with large, white, fluffy clouds that transition into orange and yellow near the horizon. The sun is low on the horizon, casting a warm glow. In the distance, there are some power lines and trees. The overall atmosphere is peaceful and contemplative.

**ATENCIÓN A PERSOAS RECLUSAS
E EX-RECLUSAS**

PROGRAMA PREPARADOS, LISTOS, XA!

Ofrece o recurso dunha vivenda para o desfrute dos permisos penais e/ou primeiros días de liberdade.

As destinatarias son **homes e mulleres presas** nos **Centros Penais de Bonxe e Monterroso**.

A finalidade é tutelar e acompañar a persoas con problemas de drogodependencias ou con falta de redes de apoio ao longo dun itinerario que persigue organizar, planificar e orientar o desfrute dos permisos de saída penais e os primeiros momentos en liberdade.

Durante o 2020, debido ao estado de alarma e as restriccións establecidas houbo períodos onde non se concederon permisos penais, o que si se mantivo foi o acceso a persoas á vivenda durante os primeiros días en liberdade.

Realízase con cada persoa un **itinerario integral individualizado**: atención social, asesoramento legal, acompañamiento a recursos e actividades de lecer saudable, mediación familiar e social...

Programa financiado pola Deputación de Lugo e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través dos programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF.



**PISO PARA
DESFRETE
PERMISOS
PENALIS**



**15 PERSOAS
(12 HOMES E 3
MULLERES) EN
28 PERMISOS**



**147 DÍAS PISO
OCUPADO**




**38 ACTIVIDADES
ORIENTADAS A
TRABALLAR
HABILIDADES E
DESTREZAS**



**REALIZÁRONSE
170
ENTREVISTAS**



**32 MEDIACIÓN
FAMILIARES**



**48 MEDIACIÓN
E
ACOMPAÑAMIENTOS
RECURSOS SOCIAIS E
7 ACOMPAÑAMIENTOS
NO TEMPO LIBRE**

PROGRAMA PASO A PASO



PRISIÓN DE
BONXE



38 ITINERARIOS
INDIVIDUALIZADOS
CON 31 HOMES E
7 MULLERES

O programa desenvólvese con **persoas reclusas do Centro Penal de Bonxe e do de Monterroso** que disten da liberdade entre 0 e 2 anos e teñan posibilidades de permanencia en España unha vez saian en liberdade. Tamén son potenciais beneficiarias as persoas ex reclusas e as que saen da cadea e necesitan atención nos primeiros momentos de liberdade.

A finalidade é que as persoas reclusas e/ou ex reclusas melloren, mediante o desenvolvemento dun **proxecto de inclusión social e/ou socio laboral personalizado**, as súas capacidades persoais de cara á súa empregabilidade e inclusión social.

Por medio do deseño coa persoa dun itinerario individualizado faise seguimento e atención nos diferentes ámbitos: mediación social, orientación social e laboral, apoio socioeducativo, apoio psicolóxico, asesoramento xurídico, accións socioeducativas coas familias, acompañamento social (recursos, tratamentos), formación e adquisición de habilidades para o emprego...

Durante o 2020, só durante o estado de alarma, o non poder acceder a prisión, paralizouse a atención as persoas presas. O resto do ano fixose atención continua, adaptando a atención as restriccions e normas establecidas.

Este programa está financiado pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE PREPARACIÓN Á LIBERDADE

Dirixido ás **persoas reclusas** no **Centro Penal de Monterroso**. A finalidade é preparar a vida en libertade de persoas reclusas, traballando cara unha autonomía persoal e social completas, mediante a realización de **obradoiros grupais** e **actuacións individuais**.

Obradoiros grupais:

- Habilidades sociais
- Autoestima
- Igualdade de xénero
- Xestión de Emocións
- Recursos sociais e comunitarios
- Orientación Laboral

Actuacións individuais: acompañamento e asesoramento social, familiar, xurídico, laboral... segundo as necesidades demandadas e percibidas.

A pesar de que durante o ano 2020, a entrada nas prisións das entidades veuse limitada en varios momentos, leváronse a cabo 69 horas de formación adaptándonos ás normas sanitarias.

Subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social na subvención do IRPF nacional a través da Unión de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente (UNAD).



**PRISIÓN DE
MONTERROSO**



**PARTICIPARON
40 HOMES**



**REALIZÁRONSE
146
ENTREVISTAS**

PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN PRISIÓN

O Plan de Animación Sociocultural busca ser unha experiencia real de participación comunitaria no Centro Penal de Monterroso. Lévanse a cabo varias liñas de traballo:

- **Dinamización da comunidade-prisión:**

- Existencia dun **Comité Mixto** dende 2015, encargado do deseño, coordinación e seguimento do Plan de ASC, conformado por representantes de todos os colectivos que conforman a prisión (persoas presas, directiva do CP, equipo técnico, persoal de Interior, entidades externas e universidade) e
- ♦ Fomento do trabalho en rede dende 2018. Nesta liña durante este ano levouse a cabo o “**Mapeo de experiencias educativas nas prisións galegas**” ([Tecendo rede | planasc \(ascprision.es\)](http://Tecendo rede | planasc (ascprision.es))) e o **II Seminario de Educacóns en prisión**.

II Seminario de Educacóns en prisión. Sinerxías de acción educativa organizado por Aliad Ultreia e SEPA-interea da USC, e co financiamento de Fundación "la Caixa", que vai pola súa segunda edición, é un espazo de encontro e reflexión pensado para que as persoas conectadas ao traballo educativo nas prisións galegas se atopen, intercambien experiencias e sentires, reflexionen convxuntamente e impulsen estratexias de traballo colaborativo para fortalecer a dimensión pedagóxica das cadeas.



UN POCO DE HISTORIA

PLAN DE ASC

La radio es el resultado de un recorrido.
Saber de dónde venimos es importante
para saber quién somos.

2013
**INVESTIGACIÓN - ACCIÓN -
PARTICIPATIVA**

Presos, funcionarios, equipo de
tratamiento y asociaciones
analizamos qué pasa en prisión
y cómo mejorar.

2014
COMITÉ MIXTO
Entre todos, viendo los
resultados de la investigación,
decidimos qué hacer.

PLAN DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

2015-2016

✓ panel y guía de recursos
✓ actividades culturales y
deportivas de voluntarias/os
(teatro, yoga, canto, foto, reiki,
fútbol, pelota vasca).

2017-2018

✓ nuevas **actividades culturales y deportivas** de voluntarias/os (cine, voz, títeres, música, percusión) y del Ayuntamiento (yoga).
✓ **curso de monitores de tiempo libre**, impulsan actividades deportivas en verano y el podcast LibreMente.

2019-2020

✓ **refuerzo a la escuela**.
✓ **actividades culturales** de voluntarias/os: percusión y teatro
✓ **formación** para continuar los proyectos de los presos:
actividades deportivas de verano
Curso Radio LibreMente

2011

Un grupo de presos analizan por
qué la gente se **aísla en prisión**.
Ven que hay que mejorar
la **convivencia y oportunidades**
para las personas presas.

**ESCUCHAR
CONOCER
COMPRENDER**

**DIALOGAR
LLEGAR A ACUERDOS
TOMAR DECISIONES**

+ **INFORMACIÓN**
+ **PARTICIPACIÓN**
+ **GENTE DE FUERA**
+ **CULTURA Y DEPORTES**

+ **FORMACIÓN**
+ **PARTICIPACIÓN:**
PROPUESTAS PROPIAS

+ **EDUCACIÓN**
+ **COMUNICACIÓN Y ...**

**¡TODO LO QUE QUERAMOS
QUE SEA LA RADIO!**

Nesta edición contamos con **47 persoas inscritas**, profesionais de 4 centros de formación de adultos, de 5 centros penitenciarios ou de reinserción social

Desenvolveuse nos días 30 setembro, 1, 7 e 8 de outubro de maneira telemática

Mais información: [Seminario Educacóns en prisión \(ascprision.es\)](http://ascprision.es)

- **Educar para a participación:** a participación social como motor clave de aprendizaxe. Búscase crear oportunidades para unha participación real, non limitada á mera asistencia a propostas xa pautadas, senón que permita o impulso de iniciativas propias dos internos, entroncadas cos intereses de quen as promove. Durante o 2020 leváronse a cabo as iniciativas de **Radio Comunitaria LibreMente** (formación + emisora + podcast) no que participaron 5 internos e a **programación deportiva de verán** (formación + actividades) con 30 persoas. Moitas outras actividades non puideron ser desenvoltas segundo o previsto ou non se puideron levar a cabo debido ás restricións pola pandemia.
- **Apertura da prisión á comunidade:**
- ◆ Incorporación da prisión de Monterroso aos circuitos socioculturais municipais, de modo que o Concello de Monterroso colabora achegando actividades da súa

programación ao centro, e favorecendo o encontro coas entidades sociais e culturais do concello.

- ◆ Convocatoria de acción voluntaria: realizáronse un curso de percusión, o **obradoiro “Comuro. Murais na cadea”** coa participación de 10 persoas e o **curso de teatro e monicreques** e actividades deportivas con 10 persoas.

Moitas das actividades tiveron que adaptarse aos tempos e medidas de seguridade establecidas polo COVID-19.

- **Promoción do avance social:** crear reflexión e acción para fundamentar outra forma de organización e traballo nas prisións, que reforce a súa dimensión educativa. Para elo ao longo de todo o proceso desenvolvemos traballo de investigación; accións educativas e formativas dirixidas a profesionais do ámbito; accións de sensibilización social e promoción da participación neste contexto; e accións de comunicación e divulgación desta experiencia, no ámbito profesional e universitario.

Financiado pola Fundación La Caixa

ATENCIÓN A PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS



PROGRAMA DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

Dirixido a persoas drogodependentes con procesos xudiciais pendentes



**ATENDEMOS A
215 PERSOAS
(185 HOMES E
30 MULLERES)**

- ◆ Apoio e asesoramento no seguimento de todo o proceso xudicial:
- ◆ Facendo fincapé en que conste acreditada en sentenza a toxicomanía de cara a solicitar alternativas á prisión, e mesmo a solicitude das distintas alternativas se é o caso.
- ◆ Incidindo na proposta de alternativas á prisión (situación preventiva) así como a derivación a recursos de tratamiento no exterior (persoas penadas).
- ◆ No caso das persoas penadas e con medidas alternativas (suspensíóns ou substitucións de condena) facilitamos o cumprimento destas na nosa entidade (Traballo en Beneficio da Comunidade- TBC, seguimento de suspensíóns de condena).

Coas persoas que cumpran condena na cadea, damos cobertura tamén a cuestións relacionadas co Réxime Disciplinario Penal, realizando asesoramento xurídico, xestións e escritos.

Programa financiado por a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia dentro do Plan de Drogas de Galicia.

A close-up photograph of a dandelion seed head against a clear blue sky. The seed head is in sharp focus on the left, showing its green stem and numerous white, feathery seeds attached by thin stalks. Several seeds have already been blown off and are captured in mid-air to the right, each with a long, thin, dark tail. The background is a uniform, light blue.

SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Este ámbito é fundamental no accionar da entidade, entendendo a intervención como un continuo que debe incidir nas causas das problemáticas coas que traballamos. Buscamos fomentar a sensibilización , a participación cidadá, e incidencia social en relación a temas invisibilizados ou non abordados.

Esta área conta cunha forte presencia do voluntariado da entidade, que participa dende o inicio, dende as labores de planificación das campañas ata á mobilización social.

Realizamos diversas accións en datas sinaladas:

Día da Muller (8 marzo)

A entidade, participando da convocatoria nacional en Verín o 3M e na ruada nocturna reivindicativa o 8M, onde volvemos compartir a nosa pancarta visibilizando a prostitución como unha forma de violencia machista.

Exposición viñetas “Explotación sexual é violencia”

Durante este ano tamén se estableceu a exposición de viñetas (elaboradas no ano 2019 financiada pola SXI) baixo os lemas #ExplotaciónSexualEViolencia e “PorQueSonAbolicionista.

O obxectivo principal da campaña foi poñer a mirada, a través de varias viñetas, sobre os mitos que aínda existen en torno a prostitución, que buscan normalizar a existencia de puteiros e minimizar os efectos e consecuencias que ten na vida das mulleres e na sociedade a súa explotación sexual.



Seguiuse a poñer a mirada na figura do prostituidor e rachar con esas causas, estruturas e mandatos de xénero que seguen a normalizar a explotación sexual de mulleres, visibilizando a explotación sexual como unha forma de violencia machista. Tamén se incorporou un cartel final mostrando o abolicionismo como unha resposta social necesaria. Esta exposición mostrouse durante todo o mes de marzo, co gallo do **8 de marzo, Día Internacional das Mulleres**, na entrada da entrada principal do Hospital Universitario Lucus Augusti en Lugo.

Campaña subvencionada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

Exposición Rede Técnicas/os de Inserción Laboral (TIL) “Unha ollada ao mercado laboral”

A Rede TIL (Técnicas de Inserción Laboral) mostrou esta exposición entre o 5 e o 19 de marzo na entrada do edificio da Deputación de Lugo.

Esta exposición, creada no 2019, conta con varios paneis onde se recollen datos e reflexións en torno as discriminacións por sexo que seguen a experimentar as mulleres no eido laboral, unha situación de violencia machista estrutural escasamente visibilizada que atopan as mulleres á hora de acceder e manterse no mercado laboral.

Día Europeo contra a trata (18 outubro)

Como entidade parte da **Rede Galega contra a Trata Sexual** participamos das xornadas que se celebran anualmente, este ano centrada en “La prostitución: una forma de violencia de xénero” que no 2020 debido a situación de pandemia celebráronse de forma telemática centráronse.



Día internacional contra a violencia de xénero (25 Novembro).



Este ano deuse continuidade á campaña de “A Explotación sexual é violencia”. Creouse novo material con cartelería, poñendo o foco en visibilizar a explotación sexual como unha forma de violencia machista, abordando as causas e sinalando abolición da prostitución como o camiño a seguir para rematar con esta lacra. Este ano ademais do cancelos **#ExplotacionSexualEViolencia** e **#PorQueSonAbolicionista** engadiuse outro no que xira entorno o enfoque deste ano: **#ASolucionAbolucion**.


Este material difundiuse nas redes con motivo do 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia contra as Mulleres. Así mesmo realizouse un vídeo con voluntariado e persoal da entidade dando voz os lemas desta campaña, esta acción tivo lugar na praza da Milagrosa en Lugo.

Posto que un dos públicos obxectivos desta campaña son os mozos, este material foi impreso e distribuído polos centros de educación secundaria da cidade de Lugo, incidindo no seu compromiso como fundamental para rematar con esta forma de violencia machista en tanto futuros demandantes da prostitución.

25N

PORQUE SOPORTAR VIOLENCIAS MACHISTAS NON É UN TRABALLO

#ASoluciónAbolición
#ExplotaciónSexualÉViolencia



25N

PORQUE A PROSTITUCIÓN É UNHA INDUSTRIA QUE SE NUTRE DE MULLERES POBRES E VULNERABLES

#ASoluciónAbolición
#ExplotaciónSexualÉViolencia



25N

PORQUE OFRECE RECURSOS E ATENCIÓN INTEGRAL AS MULLERES EN PROSTITUCIÓN

#ASoluciónAbolición
#ExplotaciónSexualÉViolencia



25N

PORQUE A PROSTITUCIÓN É UN ESPAZO DE DESIGUALDADE E UNHA ESCOLA DE MACHISMO

#ASoluciónAbolición
#ExplotaciónSexualÉViolencia



25N

PORQUE BUSCA PENALIZAR A DEMANDA DE PUTAÑEIROS E O PROXENETISMO

#ASoluciónAbolición
#ExplotaciónSexualÉViolencia



25N

PORQUE NON É UN DEREITO MASCULINO CONSUMIR MULLERES CANDO APETEZA


#ASoluciónAbolición
#ExplotaciónSexualÉViolencia



Día Mundial do SIDA (1 de decembro)

Difundimos la campaña "Non o dubides, faite a proba" polos institutos e centros sociais da cidade de Lugo. Este ano centramos o obxectivo na importancia da detección temprá mediante a realización de probas que aseguren recibir un tratamento adecuado, que supón unha mellora enorme na calidade de vida das persoas que viven co VIH.


Difundiuse información sobre a proba rápida do VIH, especialmente entre a mocidade maior de 16 anos, explicando o procedemento e os lugares onde acudir para facela



MAIS DE 42.000
VISITAS NAS NOSAS
REDES SOCIAIS



MÁS DE 1.000
PERSOAS
ACCEDERON AS
ACCIÓN



FORMACIÓN

OBRADOIROS EN CENTROS EDUCATIVOS

Obradoiros “*A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero*” en Secundaria

Como parte da **Rede Galega contra a Trata Sexual**, **Aliad Ultreia**, convxuntamente con **Cáritas Lugo**, realizamos obradoiros sobre trata con fins de explotación sexual institutos da provincia de Lugo visibilizando a explotación sexual como forma de violencia de xénero. Esta actividade estaba enmarcada no Plan Proxecta “365 días de respeito e igualdade” da Consellería de Educación.

No ano 2020 debido a pandemia, só se puido realizar un destes obradoiros no Instituto de Educación Secundaria (IES) Ollos Grandes (Lugo) cos 4 cursos da ESO, xa que o resto foron suspendidos.

PLATAFORMA WEB IGUALDADE

Tamén no ámbito da educación secundaria desde 2019 elaborouse unha plataforma online con recursos didácticos adaptados á materia de "Igualdade de Xénero", ofertada como optativa para os dous primeiros cursos da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Trátase de dinámicas, manuais, estudos, vídeos... que poden servir de apoio para a realización de diferentes actividades para a promoción da igualdade con diferentes grupos.

The screenshot shows a web browser window with the URL <https://igualdade.es/>. The header features the Aliad Ultreia logo and the tagline "Construindo igualdade xuntas". Navigation links include Inicio, Contidos, Acerca de, Contacto, Experiencias, and a search bar. Below the header, a large section is titled "Propostas educativas para traballar a igualdade de xénero". A decorative graphic of orange and yellow stylized leaves or flowers is positioned to the left of this section. At the bottom, a note states: "Esta plataforma recolle materiais didácticos e outros recursos adaptados ao temario da materia "Igualdade de Xénero" ofertada para 1º e 2º de ESO pola Consellería de Educación para os grupos de Secundaria, ainda que adaptable a contextos diversos."

PARTICIPARON
MÁS DE 100
RAPAZAS E
RAPACES

Para nove dos temas da materia, dentro da plataforma, recóllense sesións de actividades con dinámicas para aplicar na aula que poden ser descargados de balde. Estas sesións con actividades son aquelas nas que vimos traballando na asociación dende fai anos: o proceso de socialización, mitos e modelos do amor romántico, educación afectivo-sexual, violencias machistas, trata e explotación sexual e promoción da igualdade na nosa vida. Para o resto de temas recóllense recursos e materiais doutras entidades que traballan neses ámbitos que tamén se poden descargar.

Trátase dunha plataforma que busca ser un espazo participativo para compartir recursos interesantes e que está en continua creación e incorporación de novos materiais.

<https://igualdade.es/>

Esta plataforma está financiada pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a través da subvención destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas.

FORMAR PARA TRANSFORMAR

Este proxecto, tiña como obxectivo desenvolver a área de formación da entidade, dando visibilidade ao traballo que se ven facendo dende hai anos reforzando e ampliando o traballo nesta área, tendo como finalidade:

- Elaborar a estratexia de formación da asociación, con alcance bianual.
- Habilitar as instalacións da área de formación da entidade, dotando de material a un despacho e unha aula polivalente.
- Definir a oferta formativa da entidade xerando un catálogo por ámbitos de traballo.
- Crear colaboración con entidades educativas de formación.

CHARLAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Participamos en charlas e debates en diferentes espazos

- ◆ **Curso “É tempo de coidados”** desenvolvida co persoal da Universidade de A Coruña (UDC). Tiveron lugar dúas formacións: unha en outubro destinada ao profesorado e outro en novembro destino a persoal administrativo.
- ◆ Participación en clases do grado de Educación social na Universidade de A Coruña (UDC): “**Experiencias educativas inclusivas**”, 12 de maio.
- ◆ “**Parladoiros con profesionais: as relacións socioeducativas**”, organizado pola UDC, online, 12 de maio.
- ◆ Charla “**Abolición de la prostitución en tiempos del COVID-19**”, organizada por Jai Jagat (Plataforma Mundial. Movimiento por la Justicia y la Paz), online, 5 de xuño.
- ◆ Participación na mesa redonda “Experiencias de traballo en prevención, información, acompañamento e tratamiento das condutas aditivas” compartindo o traballo co programa Preparación para a liberdade nas xornadas sobre “**Educación Social e adiccionés. Experiencias socio educativas en Galicia**”, organizadas polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) e a UDC, 23 de outubro.
- ◆ Participación na mesa redonda “Nuevas formas de violencia contra las mulleres en la actualidad y la situación del COVID 19” no marco das **12ª Xornadas de formación e IV Internacionais Educación, Xénero e Igualdade “Violencia contra las mujeres y cuidado en tiempo de crisis del COVID 19”**, organizadas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), 15 de outubro.

PARLADOIROS CON PROFESIONAIS

A RELACIÓN SOCIOEDUCATIVA

GABRIEL CORDEIRO PEREIRA
Educador de menores en casa da familia.
FAIBEN. Fundación de apoio á Infancia e ao benestar.

ANA BARBA NÚÑEZ
Educadora con mujeres Víctimas de violencia de género, incluída explotación sexual.
Asociación Aliad Ultreia.

Laura Lence Redondo
Educadora con menores no asentado e a suela.
Fundación Mata.

DE 9:00 A 10:00
CONVERSA DIRIXIDA POR OMAR STEVIER CALVO RECERVA

DE 10:00 A 11:00
CONVERSA DIRIXIDA POR AINA RÍO Y OTERO SÁNCHEZ

DE 16:00 A 17:00
CONVERSA DIRIXIDA POR RAQUEL GARCÍA REBEIRO

Accede á conversa a través deste enlace: [Ti](#)

Actividade desenvolvida polo alumnado de materia de Pedagogía Social de primeiro de Educación Social.



#SomosEducaciónSocial

XORNADA:

Educación Social e adiccións.
Experiencias socioeducativas en Galicia.

23 de outubro de 2020.
A Coruña.

ORGANIZAN:
Graxo de traballo sobre Educación Social e Sober. MOLC
Ceesg Centro de Recursos e Investigación sobre Galicia
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
PL

Tamén participamos do Podcast “Castañas no verán” no programa onde se debateu e reflexionou sobre a trata e a explotación sexual, a trata de menores, a situación das mulleres prostituídas, o caso Carioca de Lugo e o papel dos homes no mantemento desta violencia machista.

[Castañas No Verán - Trata en Castañas no verán en mp3\(28/06 a las 09:40:12\) 01:19:27 52770189 - iVoox](#)



Durante este ano tamén colaboramos no documental “Quería Ser” que aborda “a trata e a explotación sexual dende as testemuñas e punto de vista das mulleres que foron vítimas. Os seus soños, as súas experiencias, os seus proxectos, a súa visión sobre os homes e a igualdade”

[Trailer QUERIA SER on Vimeo](#)

A photograph showing a group of people's hands stacked in a circle on a grassy surface. The hands belong to individuals of various skin tones and ages. Some hands have visible tattoos or are wearing jewelry like a watch. The background is a green lawn with small white flowers. The overall image conveys a sense of community and teamwork.

VOLUNTARIADO



INICIATIVAS DE VOLUNTARIADO

Cóntase con persoas voluntarias que participan enriquecendo o traballo da nosa entidade nas diversas áreas de actuación.

En **prisión**, aínda que en certos períodos non se permitiu a entrada de entidades na prisión, o voluntariado levou a cabo varias iniciativas, adaptándonos as restricións e normas sanitarias establecidas:

- Obradoiro de autocoñecemento na Unidade Terapéutica Educativa (UTE) do Centro Penal de Monterroso (1 voluntaria)
- Acompañamento técnico da radio-podcast do grupo LibreMente en Monterroso (2 voluntarios)
- Obradoiro de teatro na UTE de Monterroso (1 voluntaria)
- Obradoiro deseño e elaboración de murais en Monterroso (1 voluntaria)
- Actividades de verán físico-deportivas en Monterroso (1 voluntaria)

Tamén se mantén o **acompañamiento en permisos penitenciarios**, unha das liñas tradicionais de voluntariado de Aliad, da que participan 4 voluntarias.

No programa **Aliadas**, este ano levouse a cabo un obradoiro de percusión e danza por parte da Asociación Trópico de Grelos dentro das actividades do taller de Tecendo Futuro, ademais o voluntariado participou nas **accións de sensibilización social** (ver apartado de sensibilización) que se levaron a cabo.

Día do voluntariado



Co gallo do día do Voluntariado, o 5 de decembro, elaborouse un vídeo con todas as entidades que conformamos a Rede Lucense do Voluntariado (RELUVOL) buscando visibilizar todos os valores que teñen os e as voluntarias. Podedes veo no enlace:

[Watch | Facebook](#)

Tamén se levou a cabo un acto na Praza da Milagrosa onde se leu o manifesto deste ano

Obradoiro para o fortalecemento da Rede Lucense do Voluntariado

Como resposta a unha demanda das entidades participantes da (RELUVOL) organizouse un obradoiro para a definición obxectivos e estratexias de futuro da propia rede, creando un espazo de encontro reflexivo.

Levouse a cabo o 27 de febreiro de 2020 participando as persoas responsables do voluntariado das 11 entidades parte da rede. Estivo dinamizado por unha especialista en coaching e este traballo conxunto permitiu definir de forma participativa liñas de continuidade da RELUVOL



Obradoiro sobre voluntariado en prisión

Neste encontro quixemos compartir coas persoas voluntarias a traxectoria e finalidade do Plan de Animación Sociocultural compartindo as liñas de traballo da actual etapa, inscribindo as iniciativas que desenvolven. Con esta reunión tamén buscamos que se coñeceran entre eles e elas, aquelas persoas e iniciativas que xa levan tempo de implicación neste Plan e tamén aquellas que se incorporan este ano. Consideramos ese encontro, de (re)coñecemento mutuo e construcción de enlaces, como condición indispensable para fortalecer o voluntariado en prisión.

Todas as persoas voluntarias compartiron a iniciativa que desenvolveron ou que prevén desenvolver no centro:

- Obradoiros de teatro e monicreques.
- Voluntarias vinculadas a Trópico de Grellos, Curso de percusión.
- Murais.
- Actividades físico-deportivas de verán.
- Voluntarios vinculados á asociación Melisa, CUAC.FM, SEPA e Aliad, Radio Comunitaria LibreMente.
- Obradoiros de lectura e escritura

Fomentouse a coordinación entre elas e a identificación de posibles sinerxías e colaboracións.

Este encontro levouse a cabo o 30 de xuño de 2020 de maneira telemática e participaron 12 persoas voluntarias

OUTRAS ACTIVIDADES

Páxina Web



Neste 2020 aproveitamos para actualizar a nosa páxina web adecuando o deseño o noso novo logo e actualizando o contido da mesma, incorporando toda a información do traballo realizado e da novas áreas de traballo.

Podedes acceder a través deste link, facer aportacións e suxerencias: [Aliad Ultreia](#)

Elfos y Calcetines

No ano 2020 volvemos a participar na iniciativa da asociación Elfos y Calcetines, unha ONG que realiza campañas no Nadal para conseguir que menores en risco de exclusión social poidan disfrutar dun agasallo, coa participación de asociacións que recollen as cartas de desexos dos nenos e nenas e de particulares que mercan os agasallos.

Dende Aliad Ultreia participaron este ano 43 menores (22 nenas e 21 nenos) fillos e fillas das nosas e nosos usuarios.



DOAZÓNS

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Atendéreronse a 51 mulleres en prostitución, que se atopaban en situación de vulnerabilidade extrema acrecentada polo estado de alarma, cunha axuda económica para cubrir as súas necesidade básicas. Inicialmente, durante o mes de abril e maio, realizouse unha compra e repartíronse lotes de comida entre 33 mulleres e as súas familias. Atendéreronse en total a 68 mulleres. Posteriormente esta axuda económica estableceuse mensualmente en función das necesidades de cada usuaria e do acceso a outros recursos e axudas sociais que tiñan ou tiveron durante este período.

Con todas as mulleres tramitáronse estas axudas económicas de emerxencia, e, naquelas que cumplían cos requisitos tamén se apoiou na tramitación de axudas socias garantindo os seus dereitos. Isto último fíxose en coordinación constante coas traballadoras sociais do Concello. O obxectivo era asegurar que todas puideran acceder a unha mellora da súa situación de partida e tiveran acceso a unha axuda que lles garantira cubrir, alo menos, as súas necesidades básicas.

Outras doazóns

Tamén recibimos durante o estado de alarma doazóns de comida por parte do restaurante [Arrocería Os Cachivaches](#), de [Inicio - Torre de Núñez \(torredenunez.com\)](#) e de [Daveiga - Galletas Mariñeiras](#) que foron repartidos nos lotes de comida que se entregaron así como distribuídos nos nosos pisos de acollida e entre outros usuarios e usuarias da nosa entidade.

CUOTA PERSOAS SOCIAS

Contamos con 69 persoas socias que mediante a súa cota anual nos apoian e participan das actividades que levamos a cabo.

<https://www.aliad.org/hazte-socio-socia/>

Ofrecemos **acompañamento individualizado e integral**, respectuoso cos tempos da persoa, a través dos seguintes servizos:

Atención social e educativa

Apoio nos trámites administrativos e de axudas, no acceso a recursos sociais, na relación coas familias, etc.

Asesoramiento xurídico

Sobre dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos.

Atención sanitaria

No acceso á asistencia médica, obradoiros formativos, proba rápida de VIH e métodos de protección de infeccions de transmisión sexual.

Atención psicolóxica

Para abordar aspectos emocionais, relacionais e de conducta, así como a motivación cara o cambio.

Orientación laboral


Atención individualizada na busca e mantemento de emprego.

Obradoiros grupais

No traballo en habilidades sociais e desenvolvemento persoal, de cara a inclusión social e laboral.

Recursos residenciais

Cunha vivenda para permisos penais e outra para muller vítima de trata e/ou explotación sexual.



Unha equipa profesional e especializada atenderá de forma integral as túas necesidades e dereitos.

Contamos tamén coa participación voluntaria de persoas implicadas que colaboran cos nosos programas e impulsan os seus propios proxectos e iniciativas.

O noso compromiso co cambio social lévanos a realizar accións educativas e de sensibilización en diferentes lugares (centros educativos, concellos, espazos profesionais, etc.), na procura dunha sociedade xusta, garante de dereitos e feminista.

Colabora!

DATOS PERSOAIS

Nome:

Apelidos:

DNI/CIF:

Endereço:

CP:

Provincia:

CUOTA

- 15 €/ano (cuota mínima)
 30€/ano
 60 €/ano
 120 €/ano
 outro importe: _____ €/ano

FORMA DE PAGO

Domiciliación bancaria

ES_ _ _ _ _ - _ _ _ _ - _ _ _ _ - _ _ _ _

Sinatura:



Aliad Ultimeira está recoñecida coa Declaración de Utilidade Pública e acollida a lei 49/2002 de incentivos fiscais ao mecenazgo.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais, así como o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 informase de que os datos persoais que suministre pasarán a ser tratados pola Asociación Aliad Ulmeira, empregados para a relación descrita neste documento. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición diríndose á entidade responsable do tratamento: Aliad Ulmeira, rúa Milagrosa, 99-101, Lugo.


A close-up photograph of a dandelion seed head, showing its intricate structure of small, white, hair-like seeds. The background is a soft-focus sunset or sunrise, with warm orange and yellow hues blending into a darker sky. The overall composition is artistic and peaceful.

AS CONTAS CLARAS

INGRESOS E GASTOS NO ANO 2020

| INGRESOS 2020 | | |
|--|-------------------------------|------------|
| SUBVENCIÓNS | XUNTA DE GALICIA | 289.834,34 |
| | DEPUTACIÓN DE LUGO | 28.825,42 |
| | MINISTERIO DE ASUNTOS SOCIAIS | 10.000,00 |
| | CONCELLO DE LUGO | 0,00 |
| DOAZÓN * | | 8.656,97 |
| COTA SOCI@S | | 3.445,00 |
| INGRESOS POR FORMACIÓN | | 2.450,00 |
| ENTIDADES PRIVADAS | | 38.553,33 |
| SUBVENCIONES Y LEGADOS TRASPASADO AL EJERCICIO | | 2.183,99 |
| OUTROS | | 0,14 |
| TOTAL INGRESOS | | 383.949,19 |

* Incluídas as doazóns para as axudas de emerxencia e as do programa Elfos e Calcetíns.




GASTOS 2020


| | |
|---|-------------------|
| PERSONAL | 279.453,38 |
| ABOGADO ** | 24.780,00 |
| PSICÓLOGA ** | 8.058,00 |
| GASTOS ACTIVIDADE (ALUGUERES, LUZ, TLF, LIMPEZA, SEGUROS,...) | 31.398,75 |
| ALIMENTACIÓN ** | 5.513,03 |
| AXUDAS DIRECTAS | 14.980,47 |
| APROVISIONAMENTOS (Mat. Oficina, Mat. Pisos) | 12.204,21 |
| OUTROS | 2.352,51 |
| AMORTIZACIÓN DE INMOVILIZADO | 3.231,09 |
| GASTOS FINANCIEROS | 274,91 |
| TOTAL GASTOS | 382.246,35 |

** Na documentación contable estes gastos están metidos no apartado de aprovisionamentos.

DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS PÚBLICAS RECIBIDAS
NO ANO 2020 POR ÁREAS DE ACTUACIÓN



GASTOS ALIAD ULTREIA 2020



RESULTADO DO EXERCICIO: 1.702,84



Rúa Milagrosa, 99-101, 27003 Lugo

982 251 948 - 655 395 940

info@aliad.org

www.aliad.org



Aliad-Ultreia



@AliadUltreia



ongaliad.wix.com/voluntariado